

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025657	IES de Mugardos	Mugardos	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Métodos estatísticos e numéricos	2º Bac.	4	116

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introdución

Esta programación didáctica, está pensada para a materia de Métodos Estatísticos e Numéricos do 2º curso de Bacharelato. Para a súa elaboración tívose como referencia a orde do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta.

A contorna no que se atopa o IES Mugardos e as características que o conforman influirán de xeito importante na práctica docente. As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, por exemplo, a aula de informática na que se utilizarán ferramentas dixitais e o uso de encerados dixitais para apoiar o traballo diario na aula.

No 2º curso de Bacharelato deste centro educativo hai un grupo de alumnado cursando a materia de Métodos Estatísticos e Numéricos, alumnado tanto con Matemáticas II ( 13 ) como con Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II ( 8 ), compostos por alumnas e alumnos con idades comprendidas entre os 17 e os 19 anos. Xa o feito de elixir Mat II ou MatApII fai que o grupo sexa heteroxéneo e con diferentes ritmos de aprendizaxe. Temos no grupo unha alumna con TDAH, á que se lle aplicará o protocolo correspondente.

E claro que tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Modelizar e resolver problemas da vida cotiá, da ciencia e da tecnoloxía e das ciencias sociais aplicando diferentes estratexias e formas de razonamento para obter posibles solucións.			1-2-3	2-5	40-50		3	
OBX2 - Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razonamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.			1-2	3	40		3	
OBX3 - Formular ou investigar conjecturas ou problemas, utilizando o razonamento, a argumentación, a creatividade e o uso de ferramentas tecnolóxicas, para xerar novo coñecemento matemático.	1		1-2	1-2-3-5		3	3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando, creando e xeneralizando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e do ámbito das ciencias.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática.			1-3	2-3				1

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX6 - Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas.			1-2	2	50	4	2-3	1
OBX7 - Representar conceptos, procedementos e información matemática seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razonamentos matemáticos.			3	1-2-5			3	41-42
OBX8 - Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático.	1-3	1	2-4	2-3				32
OBX9 - Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións, respectando as dos demás e organizando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas.		3	5		11-12-31-32	2-3	2	

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesións</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	Programación lineal	Esta unidade introduce a programación lineal como método de resolución de problemas contextualizados.	10	12	X		
2	Probabilidade. Cadeas de Markov	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao traballo coa probabilidade, as súas propiedades e teoremas e a súa ampliación coas Cadeas de Markov.	10	12	X		
3	Distribucións de probabilidade	As distribucións de probabilidade, as súas características e teoremas así como a súa aplicación en problemas contextualizados son obxecto desta unidade.	10	12	X		
4	Introducción á inferencia estatística	Nesta unidade trabállanse os conceptos básicos da mostraxe e as aproximacións das distribucións dos principais parámetros	10	12		X	

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
4	Introducción á inferencia estadística	estatísticos así como as súas estimacións puntuais.	10	12		X	
5	Estatística inferencial	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao traballo cos intervalos de confianza e o contraste de hipótesis.	10	12		X	
6	Erros	A profundización no coñecemento dos erros, da converxencia e das aproximacións nas calculadores e programas informáticos xunto coas estimacións en distintos contextos son obxectivos desta unidade.	10	12	X	X	
7	Métodos numéricos	Esta unidade está adicada á aplicación dos métodos numéricos na resolución de problemas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias plantexados mediante ecuacións (métodos de dicotomía, da secante, das tanxentes) e sistemas de ecuacións lineais (métodos de Jacobi e de Gauss-seidel).	10	12			X
8	Interpolación	Nesta unidade trabállanse os polinomios de interpolación (lineais, de Newton, de Lagrange) aplicados a problemas da vida cotiá e de distintos ámbitos utilizando algoritmos e programas informáticos.	10	12			X
9	Integración numérica	A integración numérica (métodos dos trapecios e de Simpson) aplicada ao cálculo de figuras planas son os contidos traballados nesta unidade.	10	12			X
10	Matemáticas para a vida en sociedade	Trátase dunha unidade transversal que reune os criteiros de avaliación e contidos asociados ao sentido sociaflectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso.	10	8	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	Programación lineal	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conjecturas e problemas.	Integra o uso de ferramentas dixitais na modelización de problemas de programación lineal facilitando a súa resolución.	PE	100

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Obtener todas las posibles soluciones matemáticas de problemas de la vida cotidiana, de la tecnología y las ciencias, describiendo el procedimiento realizado.	Obtén todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias, describindo o procedemento realizado utilizando a programación lineal co propio problema e/ou co problema dual.		
CA3.4 - Interpretar, modelizar y resolver situaciones problematizadas de la vida cotidiana, de la tecnología y las ciencias utilizando el pensamiento computacional, modificando, creando y generalizando algoritmos.	Interpreta, modeliza e resolve situacións problematizadas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos de programación lineal (algoritmos de lapis e papel e introducción ao método do simplex).		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Programación lineal: modelización de problemas. O problema dual.</li> <li>- Igualdad e desigualdad.</li> <li>- Programación lineal: resolución de problemas mediante algoritmos de lapis e papel, e con herramientas digitales. Introducción ao método do simplex.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Probabilidad. Cadeas de Markov	12

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Manifestar una visión matemática integrada, investigando y conectando las diferentes ideas matemáticas.	Manifesta una visión probabilística integrada, investigando y conectando la información de la probabilidad contenida en documentos de la vida cotidiana (p. ex. tablas, diagramas y noticias) con el proceso correspondiente.		
CA4.1 - Adquirir nuevo conocimiento matemático mediante la formulación, razonamiento y justificación de conjecturas y problemas de forma autónoma.	Adquiere nuevo conocimiento sobre probabilidad (condicionada, regla del producto, teoremas de probabilidad total y Bayes y/o cadenas de Markov: grafo asociado, matriz de transición, ...) mediante la formulación, razonamiento y justificación de conjecturas y problemas de forma autónoma.	PE	100

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Resolver problemas en situaciones diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexiones entre o mundo real, outras áreas de conocimiento e as matemáticas.	Resolve problemas en situaciones diversas, utilizando diversas técnicas (de reconto, diagramas de árbore, táboas de continxencia, independencia de sucesos e/ou cadeas de Markov, ...) reflexionando, establecendo e aplicando conexiones entre o mundo real, outras áreas de conocimiento e a probabilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medición.</li> <li>- A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios: interpretación subjetiva, clásica e frecuentista.</li> <li>- Incerteza.</li> <li>- Cálculo da probabilidade en experimentos simples e compostos.</li> <li>- Probabilidad condicionada e independencia de sucesos aleatorios. Regra do producto.</li> <li>- Teoremas da probabilidad total e de Bayes: resolución de problemas e interpretación do teorema de Bayes para actualizar a probabilidad a partir da observación e a experimentación e a toma de decisiones en situaciones de incerteza.</li> <li>- Resolución de problemas utilizando técnicas de reconto, diagramas de árbore e táboas de continxencia.</li> <li>- Cadeas de Markov. Grafo asociado e matriz de transición. Distribucións estacionarias e distribución límite.</li> <li>- Clasificación, identificación e cálculo das probabilidades dos estados en cadeas de Markov. Uso de ferramentas tecnoloxicas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Distribucións de probabilidade	12

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adquirir novo conocimiento matemático mediante a formulación, razonamiento e xustificación de conjecturas e problemas de forma autónoma.	Amplía o seu conocimiento de distribucións de probabilidade discretas e continuas, a relación entre elles e as distribucións asociadas á normal formulando preguntas sobre distribucións de probabilidade de forma autónoma.		
CA4.2 - Representar e visualizar ideas matemáticas estruturando diferentes procesos matemáticos e seleccionando as tecnologías más adecuadas.	Representa e visualiza as funcións de masa de probabilidade das variables Bin., Pois., N., t-S., Chi2 de P. e/ou F de S. estruturando diferentes procesos matemáticos e seleccionando as tecnologías más adecuadas.	PE	100

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Empregar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que resolvan problemas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias, seleccionando a máis adecuada segundo a súa eficiencia.	Emprega diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que resolvan problemas de cálculo de prob. asociados ás distrib. Bin., Pois., N., t-S., Chi2 de P. e/ou F de S. aplicados na vida cotiá, na tecnoloxía e/ou nas ciencias, seleccionando a máis adecuada.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Distribucións de probabilidade.</li> <li>- Variables aleatorias. Tipos.</li> <li>- Variables aleatorias discretas. Función de masa de probabilidade e función de distribución. Esperanza matemática e varianza. Distribución binomial e de Poisson.</li> <li>- Variables aleatorias continuas. Función de densidade e función de distribución. Esperanza matemática e varianza. Distribución normal</li> <li>- Modelización de fenómenos estocásticos mediante estas distribucións. Cálculo de probabilidades asociadas mediante ferramentas tecnoloxicas.</li> <li>- Teorema central do límite. Relación entre as distribucións binomial, de Poisson e normal.</li> <li>- Distribucións asociadas á normal : t de Student, Chi-cadrado de Pearson e F de Fisher-Snedecor .</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Introducción á inferencia estatística	12

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razonamento e xustificación de conjecturas e problemas de forma autónoma.	Adquiere o coñecemento de poboación e mostra, parámetros estatísticos, representatividade dunha mostra e técnicas de mostraxe mediante a formulación, razonamento e xustificación de conjecturas e problemas de forma autónoma.		
CA4.3 - Empregar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que resolvan problemas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias, seleccionando a máis adecuada segundo a súa eficiencia.	Emprega diferentes estratexias (aprox. distrib. da media, da prop. e/ou da var., estim. punt. das mesmas e /ou distrib. na mostraxe) e ferramentas, incluídas as dixitais (p. ex. software estat.), que resolván problemas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias, seleccionando a máis adecuada.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Inferencia.
- Poboación e mostra. Parámetros e estatísticos. Representatividade dunha mostra segundo o seu proceso de selección. Selección de mostras representativas. Técnicas de mostraxe.
- Aproximación da distribución da media e da proporción mostrais mediante a distribución normal.
- Estimación puntual da media, a proporción e a varianza. Distribución na mostraxe. Nesgo e eficiencia dun estimador.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Estatística inferencial	12

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razonamento e xustificación de conjecturas e problemas de forma autónoma.	Adquiere coñecemento sobre intervalos de confianza e/ou contraste de hipótesis mediante a formulación, razonamento e xustificación de conjecturas e problemas de forma autónoma.		
CA4.2 - Representar e visualizar ideas matemáticas estruturando diferentes procesos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías más adecuadas.	Representa e visualiza ideas de interv. de conf. (para a prop. e/ou para a media e/ou a var. dunha pob. N), contr. de hip. (para a prop. e/ou para a media e/ou a var. dunha pob. N) e a súa relación estruturando os diferentes procesos inferenciais e seleccionando as tecnoloxías más adecuadas.	PE	100
CA4.4 - Resolver problemas en situaciones diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexions entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas en situaciones diversas, utilizando intervalos de confianza e/ou contraste de hipótesis, reflexionando sobre a más adecuada, establecendo e/ou aplicando conexions entre o mundo real, outras áreas de coñecemento (Economía, Bioloxía, Medicina, ...) e as matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

## Contidos

- Inferencia.
- Intervalos de confianza para a proporción e para a media e a varianza dunha poboación normal: construcción, análise e toma de decisiones en situaciones contextualizadas. Tamaño da mostra.
- Contrastes de hipóteses para a proporción e para a media e a varianza dunha poboación normal: construcción, análise e toma de decisiones en situaciones contextualizadas Relación entre contrastes de hipóteses e intervalos de confianza.
- Emprego de ferramentas dixitais na realización de estudios estadísticos.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Erros	12

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conjecturas e problemas de forma autónoma.	Adquire novo coñecemento sobre díxitos significativos, truncamento e redondeo, erros (acum., abs. e rel.), converxencia e estimacións mediante a formulación, razoamento e xustificación de conjecturas e problemas de forma autónoma.		
CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifesta unha visión integrada do erros (acum., abs., rel.), a converxencia e as estimacións, investigando e conectando os diferentes contidos xunto co estudo das aproximacións nas calculadoras e programas informáticos.	PE	100
CA1.3 - Resolver problemas en situaciones diversas utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas en situaciones diversas utilizando a estimación e o erro cometido, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

<b>Contidos</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo.</li> <li>- Díxitos significativos. Truncamento e arredondamento. Erro acumulado. Erro absoluto e relativo. Converxencia.</li> <li>- A aproximación nas calculadoras e programas informáticos.</li> <li>- Realización de estimacións en diversos contextos analizando o erro cometido.</li> </ul>			

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Métodos numéricos	12

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conjecturas e problemas.	Integra o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conjecturas e problemas.		
CA3.4 - Interpretar, modelizar e resolver situacions problematizadas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	Interpreta, modeliza e resolve situacions problem. da vida cotiá, da tecn. e das cien. utilizando o pensamento comput. e prog. inform., modificando, creando e xeneral. algorit. de resol.n de ec. con met. num. (dicot., sec.e, tanx.) e/ou de resol. aprox. de sist. de ec. lin. (Jacobi, Gauss-Seidel).	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

Contidos
- Igualdade e desigualdade.
- Resolución de ecuacions con métodos numéricos (dicotomía, da secante, das tanxentes). Uso de programas informáticos.
- Resolución aproximada de sistemas de ecuacions lineais (Métodos de Jacobi y Gauss-Seidel). Uso de programas informáticos.
- Utilización de técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias.

UD	Título da UD	Duración
8	Interpolación	12

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	Selecciona e utiliza diversas formas de representación mediante táboas e gráficas de polinomios de interpol. lin. (lineais, Newton e/ou Lagrange), valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA3.3 - Obter todas as posibles soluciones matemáticas de problemas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias, describindo o procedemento realizado.	Obtén todas as posibles soluciones de problemas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias, describindo o procedemento realizado (xeralización de padróns mediante regras simbólicas ou funcións definidas explícita ou recorrentemente para a utilización dos polinomios de interpolación más adecuados).	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

Contidos

## Contidos

- Padróns.
- Xeneralización de padróns que xorden en situacións diversas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente.
- Relacións e funcións.
- Polinomios de interpolación (lineais, de Newton, de Lagrange). Aplicación en táboas e gráficas da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias para obter información suplementaria. Uso de programas informáticos.
- Pensamento computacional.
- Análise, formulación, resolución, representación e interpretación de relacións e problemas da vida cotiá e de distintos ámbitos utilizando algoritmos, programas e ferramentas tecnolóxicas adecuados.

UD	Título da UD	Duración
9	Integración numérica	12

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Integra o coñecemento dos erros e das aproximacións na integración numérica, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.		
CA2.1 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Manifesta unha visión integrada do cálculo das áreas de figuras planas mediante a integración numérica co método dos trapecios e/ou de Simpson, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	PE	100
CA2.2 - Seleccionar a solución más adecuada dun problema en función do contexto (de sostibilidade, de consumo responsable, de equidade...) usando o razonamento e a argumentación.	Selecciona a solución más adecuada dun problema de cálculo de áreas de figuras planas a través dos métodos de integración numérica (dos trapecios e de simpson) en función do contexto (de sostibilidade, de consumo responsable, de equidade...) usando o razonamiento e a argumentación.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

## Contidos

- Cálculo.
- Realización de estimacións en diversos contextos analizando o erro cometido.
- Medición.
- Integración numérica: método dos trapecios e de Simpson. Aplicación ao cálculo de áreas planas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Matemáticas para a vida en sociedade	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias.	Analiza a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias.	TI	100
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afronta as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demás, escoitando o seu razonamento, aplicando as habilidades sociais más propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.	Traballa en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demás, escoitando o seu razonamento, aplicando as habilidades sociais más propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostra organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Recoñece e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavalía, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Tratamento e análise do erro, individual e colectivo como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.</li> <li>- Toma de decisións.</li> <li>- Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas.</li> </ul>

## Contidos

- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias e da tecnoloxía.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá, da tecnoloxía e das ciencias.

### 4.1. Concreciones metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaránse distintas metodoloxías buscando a acción educativa más axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o más axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

#### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilizade dos contidos tratados. Para consegui-lo, introduciranse os contidos a partir de situacions problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

Fomentarase a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

#### MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida: nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñéráselles ás-aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos: fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos: a diferencia deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas

posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combináranse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método tutorial: a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a

interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

#### TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

##### Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

##### Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente más estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar más adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

##### Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario proponer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense proponer actividades de ampliación para proponer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

##### Actividades de evaluación

Calquera actividade pode ser avaliada ánda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de evaluación que se queren valorar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Libro de texto
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Materiais manipulativos (para o traballo da parte gráfica, por exemplo)
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Aula de informática

**Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra e Libre Office Calc, por exemplo)**

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará a aula de informática na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web.

## **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

A avaliación inicial lívase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolvida na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

## **5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

### **Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>									
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	0
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	100

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>90</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>10</b>

### **Criterios de cualificación:**

A avaliación será continua formativa e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro. En cada avaliación haberá como mínimo, dúas probas escritas ou exames.

Obtención da cualificación

Probas escritas-----50%

Traballo persoal e/ou proxectos-----50%

Para aprobar a avaliación é necesario acadar a cualificación de cinco puntos, aplicando en todo caso o redondeo de decimais ao número entero máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media.

A cualificación da avaliación ordinaria obterase coa media ponderada das cualificacións das tres avaliacións, dando a cada unha un peso proporcional ao número de temas estudiados nela.

No caso de detectar que se copia nun exame retirarase o exame inmediatamente e daráse a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de, alomenos, dous membros do departamento. Esta mesma medida podería aplicarse cando un alumno/a non asista a algúun exame .

#### Criterios de recuperación:

Se un/unha alumno/a non acada puntuación positiva nalgúnha avaliación, deberá presentarse á proba de recuperación da mesma. Esta proba puntuarase de 0 a 10 puntos e a nota de recuperación basearase únicamente nesta proba.

Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, na avaliación extraordinaria realizará unha proba global da materia que será cualificada de 0 a 10 puntos. Para obter o aprobado é necesario acadar a cualificación de cinco puntos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madureza, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoyo educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

A alumna con TDAH aplicárselle o protocolo correspondente.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X		X		X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X		X		X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X		X		X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X		X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X		X		X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X		X		X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X		X		X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X		X		X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X		X		X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X		X		X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita		X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital		X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial		X
ET.4 - O fomento do espírito crítico		X
ET.5 - A educación emocional e en valores		X
ET.6 - A igualdade de xénero		X
ET.7 - A creatividade		X
ET.8 - Educación para a saúde		X
ET.9 - A formación estética		X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xornada estatística	Visita IGE e Meteogalicia	X		

<b>Actividade</b>	<b>Descripción</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
Concurso Cifras e Letras	Concurso do Departamento onde hai que obter un número elixido ao chou a partir de cifras escollidas ao azar e hai que formar a palabra más longa posible cunha serie de letras elixidas ao chou.	X		
Open Matemático	Concurso de resolución de problemas semanais		X	
Canguro Matemático	Concurso de preguntas e respuestas tipo test.		X	
Concurso de pituits	Concurso do Departamento no que hai que facer tuits con palabras que teñen o mesmo número de letras que as cifras de pi.		X	
Concurso Contando Mates	Vídeos curtos onde se explique algo relacionado coas matemáticas		X	

**Observación:**

Intentaremos facer un concurso de fotografía matemática.

Intentaremos participar con algún traballo no concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos.

No terceiro trimestre, polo apretado do tempo, non hai actividades previstas.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos errores cometidos por parte do alumnado
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliação son eficaces
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

**Descripción:**

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 157/2022 no seu artigo 22.2 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar os "procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización e o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación.

**9. Outros apartados**